

## **SENDA PEONIL NA AC-424 EN CORME (PONTECESO)**

### 1. Obxecto da actuación

A actuación prevista no presente proxecto comprende a creación dun itinerario peonil continuo e accesible na estrada AC-424 que une os núcleos de Corme Aldea e Corme Porto, no concello de Ponteceso, provincia da Coruña.

### 2. Plan de Estradas

A estrada AC-424 Ponteceso (AC-429) - Corme pertencente á Rede Complementaria das estradas convencionais da Rede autonómica de estradas de Galicia.

### 3. Descrición da actuación

A nova senda dispórase pola marxe esquerda da estrada AC-424 entre os puntos Quilométricos (PP.QQ.) 6+665 e 7+356, rematando na conexión cunha senda existente; e consiste nunha senda de 2,02 m de ancho, cunha nova beiravía de 0,50 m en todo o recorrido, a que se lle engade unha gabia previa a senda entre os P.Q. 6+728 e o fin de tramo.

### 4. Características técnicas

#### Seccións:

	<u>AC-424 PP.QQ. 6+665 ao 6+729</u>	<u>AC-424 PP.QQ. 6+729 ao 7+356</u>
Calzada	2 carrís x 3,10 m (existente)	2 carrís x variable (existente)
Beiravía	1 x 0,50 m (marxe esquerda)	1 x 0,50 m (marxe esquerda)
Beirarrúa	1 x variable min 2,02 (marxe esquerda)	1 x variable min 2,02 (marxe esquerda)
Gabia		1 x 0,60 m (marxe esquerda)

#### Firmes:

- **Senda:** pavimento monocapa de 14 cm de formigón HF-4.0 con acabado semipulido, de cor terrizo e con mallazo de aceiro de Ø 6 e 150x150 mm.

- **Entradas e accesos a fincas:** formigón en masa HM-20 con acabado fratasado de 20 cm de espesor en cor terrizo e con mallazo electrosoldado de aceiro de Ø 10 150x150.

- **Reposición de camiños:** fresaranse os 5 cm de pavimento existente e repavimentarase a zona afectada cunha capa de mestura bituminosa en quente tipo AC16 surf 50/70 S previa aplicación de unha rega de adherencia.

#### Drenaxe:

Proxéctanse gabias triangulares, situadas entre a senda e os noiros de desmonte xerados, con colectores de PVC de Ø variable que irán conectados aos sumidoiros mediante tubo de PVC de 200 mm. Ao longo da actuación situaranse pozos e sumidoiros nos puntos necesarios.

#### Estruturas:

Proxectase un muro de contención na marxe esquerda da AC-424 do P.Q. 7+120 ao 7+128,87, de 2,80 m de altura e de 0,35 m de canto. No trasdós do muro aplicarase unha impermeabilización ao mesmo con lámina PEAD e un tubo dren de PVC de 160 mm de diámetro.

#### Defensas:

Co fin de garantir a protección peonil na contorna da ODT existente nas proximidades do P.Q. 7+100 da AC-424, proxectouse unha varanda tubular en aceiro inoxidable formada por barrotes..

### 5. Poboación Servida (INE 2024)

Ponteceso 5.318 hab.

**TOTAL 5.318hab.**

### 6. Concellos Afectados

Ponteceso.

### 7. Expropiacións

Parcelas afectadas 22 fincas no concello de Ponteceso

Orzamentos bens 16.631,67€

Orzamento terreos 21.032,63 €

5% de afección 2.583,01 €

Orzamento total expropiacións 39.564,23 €

### 8. Prazo de execución

O prazo previsto de execución das obras é de **NOVE (9) meses.**

### 9. Orzamentos


**Orzamento Base de Licitación (c/IVE) 483.216,27 €**

**Orzamento Servizos afectados 40.274,54€**


**Orzamento Expropiacións 39.564,23 €**

**Orzamento para coñecemento da administración 563.055,04 €**


## PLANOS DE SITUACIÓN




## SECCIONES TIPO




SECCIÓN TIPO DE SENDA. AC-424 P.K. 6+666 A P.K. 6+729  
ESCALA 1:40 cotas en m



SECCIÓN TIPO SENDA MÁRGEN IZQUIERDO. AC-424 PK6+729 A PK7+356  
ESCALA 1:40 cotas en m



SECCIÓN TIPO REPOSICIÓN DE CAMINOS  
ESCALA 1:40 cotas en m



DETALLE DE SECCIÓN TIPO EN ACCESOS  
ESCALA 1:20 cotas en m